

BASES REGULADORAS PARA PRÉSTAMO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS.

Artigo 1- Obxecto

É obxecto destas bases a regulación do préstamo temporal de equipos informáticos portátiles destinados a rapaces e rapazas que non dispoñan de ningún recurso electrónico, e que sexan imprescindibles para as clases on-line no caso de confinamento.

Soamente se prestarán durante o período de confinamento recomendado polas autoridades sanitarias.

Artigo 2- Destinatarios

Nenos e nenas de PRIMARIA, ESO empadroados no Concello do Pereiro de Aguiar que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Deben estar escolarizados en centros de ensino públicos ou privados en tramos concertados en educación primaria ou ESO.
- b) Todos os membros da unidade de convivencia debe estar empadroados no Concello do Pereiro de Aguiar como mínimo desde o 1 de xaneiro de 2020.
- c) Non superar os 8.500,00 € de renda per cápita anual (Computarase un membro máis no caso de presentar algún deles unha discapacidade igual ou superior ao 33%)

Os equipos informáticos prestaranse de xeito puntual, única e exclusivamente en caso de confinamento, sexa individual ou da aula.

Artigo 3- Lugar, prazo e forma de presentación das solicitudes

As solicitudes deberán presentarse, debidamente cumprimentadas, no Rexistro Xeral do Concello do Pereiro de Aguiar, ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Solicitarase cando se de a situación de confinamento.

Artigo 4 – Documentación

A documentación preceptiva é a seguinte:

- a) Anexo I, solicitude.
- b) Anexo II, declaración responsable e autorización para obtención de datos.
- c) Certificado do centro educativo no que estea/n matriculados/as os/as nenos/as.
- d) Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2019, de cada un dos membros computables da unidade de convivencia. En caso de non estar obrigado a presentala, deberá achegar certificado negativo de facenda, certificado de imputacións de renda e xustificantes dos ingresos obtidos no ano 2019 (certificado empresa, certificado do SEPE, xustificante de pensión...)



Artigo 5- Criterios e valoración do préstamo dos equipos.

Unicamente se prestará un equipo por unidade familiar. O Concello dispón de 8 equipos informáticos e o préstamo farase por rigorosa orde de solicitude ata esgotar os mesmos.

Artigo 6- Tramitación e resolución das solicitudes

As solicitudes de préstamo dos equipos tramitaranse desde á Área de Educación e Servizos Sociais . Realizaranse de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación.

A comunicación do préstamo farase por vía telefónica,

O Pereiro de Aguiar, na data da sinatura electrónica.

O alcalde.

Luís Menor Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

